

RESOLUCIÓN REITORAL DO 02 DE MAIO DE 2018 POLA QUE SE FAI PÚBLICA A CONVOCATORIA DE PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES DO “CAMPUS CAMP 2018” DA UNIVERSIDADE DE VIGO.

Para favorecer a conciliación da vida profesional e familiar dos membros da comunidade universitaria en época de vacacións escolares, ao tempo que se achega a Universidade aos máis pequenos, e en virtude das facultades outorgadas pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, de universidades e nos Estatutos desta Universidade, esta Reitoría RESOLVE:

1. Facer pública a convocatoria de prazas para a participación nas actividades do Campus Camp 2018 da Universidade de Vigo nos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo.
2. Ordenar a publicación da presente convocatoria, xunto coa súa normativa correspondente, no rexistro xeral, nos rexistros auxiliares e na páxina web http://extension.uvigo.es/extension_gl/campuscamp/.

As actividades comezarán o día 22 de xuño de 2018 e rematarán co comezo do curso escolar de educación primaria en setembro, quedando excluído de actividades o mes de agosto.

A inscrición (campus de Ourense e Vigo) é dende o 14 ás 9:00h. ata o 31 de maio de 2018 ás 14:00h.

Reserva previa (só o campus de Pontevedra) é dende o 03 ás 9:00h. ata o 10 de maio de 2018 ás 14:00 h.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 02 de maio de 2018

O reitor

Por delegación R.R. do 29/06/2017 (D.O.G. do 10 de xuño)

Manuel José Fernández Iglesias



Manuel José Fernández Iglesias

Universidade de Vigo -
Rexistro Xeral

Saída Nº. 201800005730
02/05/18 09:53:02

Dilixencia para facer constar que a presente resolución publícase no taboleiro de anuncios do Rexistro Xeral da Universidade de Vigo.

Vigo, 02 de maio de 2018

A xefa de Sección de Extensión Universitaria

Servizo de Xestión da Extensión Universitaria
Universidade de Vigo

Mª Teresa Vetoret Pena

BASES DA CONVOCATORIA DE PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES DO “CAMPUS CAMP 2018” DA UNIVERSIDADE DE VIGO.

1. OBXECTIVOS

O Campus Camp 2018 da Universidade de Vigo, nos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo, ten como obxectivo favorecer a conciliación da vida profesional e familiar dos membros da comunidade universitaria en época de vacacións escolares, ao tempo que se achega a Universidade aos máis pequenos.

Este ano, como consecuencia de quedar deserto a adxudicación da licitación do “Servizo de Campus Camp na Universidade de Vigo” (R.R. do 12 de marzo de 2018), e coa entrada en vigor o 9 de marzo de 2018 da nova Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contrato do Sector Público, aprobouse por R.R. do 19 de abril de 2018 un novo expediente correspondente á contratación do “Servizo do Campus Camp” en procedemento aberto simplificado (tramitación reducida).

Isto supón unhas pequenas variacións, excepcionais, só para este ano:

- O número de prazas que se ofertan son as seguintes:
Campus de Vigo e Pontevedra: 120 prazas.
Campus de Ourense: 36 prazas.
Nota: Se no campus de Pontevedra houberse un número mínimo/máximo de 12 menores conformarase un grupo para desenvolver as actividades do campus camp no dito campus, sen que os nenos/as teñan que desprazarse ao de Vigo.
- Os destinatarios son os fillos/as dos membros da comunidade universitaria do Campus de Vigo, Ourense e Pontevedra con idades comprendidas entre os 3 e 12 anos.

2. SOLICITANTES

Nais e pais pertencentes á comunidade universitaria da Universidade de Vigo (estudantes, P.A.S. e P.D.I) dos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo da Universidade de Vigo, para as/os súas/seus fillas/os ou acollidas/os legalmente, con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos.

A idade límite aplicarase ao inicio da quenda na que se pretenda inscribir ao neno ou nena, independentemente da publicación desta convocatoria ou dos prazos establecidos para as inscricións.

3. SOLICITUDES

A inscrición farase a través da plataforma CULTURXEST á que se accederá a través do enlace http://extension.uvigo.es/extension_gl/campuscamp/.

A documentación que se debe achegar coa solicitude de inscrición, previamente escaneada, en documento adxunto (sempre que non se teña presentado con anterioridade ou exista variación respecto á xa presentada) é:

- Tarxeta sanitaria do/a neno/a.
- Fotocopia do libro de familia (de todas as follas que están escritas) ou impreso de acollida.

No caso de nenos/as de acollida temporal en que non sexa posible formalizar a inscrición por non ter a familia comunicadas as datas de estancia no prazo establecido na presente convocatoria, será en todo caso

comunicada esta casuística e o número de menores e idade dos mesmos ao Servizo de Extensión Universitaria, para os efectos oportunos.

Non se terán en conta, solicitudes que previamente non fosen notificadas nos prazos establecidos.

4. PRAZO DE SOLICITUDES

Inscrición (campus Ourense e Vigo): **14 de maio** ás 9:00h ao **31 de maio** ás 14:00h.

Reserva previa (Só campus de Pontevedra): **03 de maio** ás 9:00h ao **10 de maio** ás 14:00h.

5. ADXUDICACIÓN E NÚMERO DE PRAZAS

Existe un número limitado de prazas que se irán adxudicando por orde de inscrición na plataforma de matriculación mencionada.

36 para o campus de Ourense.

120 para o campus de Vigo e Pontevedra.

No caso do **campus de Pontevedra** existirá un período de reserva, que se realizará igualmente a través da plataforma CULTURXEST, sen necesidade de aboar prezo público ningún. De non reunir o número mínimo de solicitudes (12 nenos/as), que faga viable a posta en marcha da actividade, xa non existirá prazo para a formalización da inscrición.

No caso de acadar o mínimo establecido de solicitudes de reserva, estas persoas recibirían un aviso por correo electrónico especificando un prazo para formalizar a súa inscrición e efectuar o pago correspondente.

Rematado este prazo e de non formalizarse todas as inscricións (12 nenos/as) con reserva previa darase a opción ás persoas inscritas interesadas que o desexen, a enviar as/os fillas/os ao campus de Vigo ou de solicitar a devolución dos prezos aboados a través do procedemento establecido ao efecto.

Para os **campus de Ourense e de Vigo** abrírase directamente o prazo de inscrición e pagamento sen necesidade de realizar reserva previa.

Unha vez cuberto o número máximo de prazas, os restantes inscritos quedarán nunha lista de agarda, e no suposto de existir algunha baixa polos motivos que se indican na base 9 e por rigoroso orde de inscrición recibirán un aviso por correo electrónico para formalizar o pagamento.

6. QUENDAS E PREZOS

Contías e deducións aplicables:

Quenda	1 nena/o
Xuño-xullo-setembro	160
Xullo	120
1ª quincena xullo	60
2ª quincena xullo	60
Xuño	30
Setembro	30
Día solto	8

Estes prezos contarán coa seguinte dedución:

- do 10% na/o segunda/o filla/o,
- un 15% na/o terceira/o,
- un 20% na/o cuarta/o e
- un 25% na/o quinta/o,

agás no caso de días soltos nos que o prezo será a razón de 8€ por nena/o e día.

7. PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN

Achégase manual de usuario/a en formato pdf.

Unha vez realizada a inscrición na quenda, esta será firme e non procederá devolución, nin modificación algunha, salvo nos casos establecidos nos apartado relativos a cambio de quenda e devolución dos prezos de inscrición.

A inscrición se considerará realizada a todos os efectos sen prexuízo de que o Servizo de Extensión Universitaria realice as comprobacións oportunas de datos, aos efectos de reclamación de documentación ou exclusión, en caso de non cumprir os requisitos desta convocatoria que, de ser o caso, sería notificada individualmente.

8. CAMBIO DE QUENDA

Poderán terse en conta as peticións recibidas no Servizo de Extensión Universitaria antes do comezo da quenda correspondente que, debidamente documentadas, sexan motivadas por:

- a) Enfermidade, accidente ou outros motivos de saúde.
- b) Por cambio na situación laboral dalgún dos proxenitores (cambio de localidade de destino, cambio na quenda de traballo, situación de paro laboral...)

9. DEVOLUCIÓN DOS PREZOS DE INSCRICIÓN

Procederá soamente nos seguintes casos:

- a) Por enfermidade, accidente ou outros motivos de saúde.
- b) Por cancelación das actividades.
- c) Por cambio na situación laboral dalgún dos proxenitores (cambio de localidade de destino, cambio na quenda de traballo, situación de paro laboral...)
- d) Por admisión noutro campamento organizado pola Comunidade Autónoma, Deputación ou Concello.

As solicitudes de devolución deberán ser tramitadas a través da mesma plataforma de inscrición, achegando a documentación xustificativa, previo inicio da quenda correspondente, nos supostos a), c) e d), e como máximo, nos dez días hábiles seguintes á resolución de cancelación no suposto b).

10. PERDA DO DEREITO Á PRAZA

Producirase a perda da praza, polas seguintes causas:

- Por non formalizar a inscrición nos prazos estipulados, en caso de aceptación da reserva, de ser o caso, ou non pagar os prezos de inscrición no prazo establecido na folia de liquidación, en caso de que se adopte esta opción de pago.
- Por non presentar a documentación que sexa requirida.

11. TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

Os datos persoais recollidos na solicitude teñen carácter obrigatorio e serán tratados pola Universidade de Vigo para o exercicio das funcións propias do servizo público de educación superior, reguladas na Lei orgánica de universidades e nos Estatutos da Universidade de Vigo.

A persoa solicitante está de acordo en que os seus datos sexan recollidos, tratados e, de ser o caso, cedidos para os seguintes fins: a xestión administrativa, a oferta e a prestación de servizos administrativos, a realización de estatísticas, avaliacións e enquisas, do seguimento dos servizos universitarios prestados.

O responsable do tratamento destes datos é a Universidade de Vigo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao seu tratamento exercitaranse ante a Universidade de Vigo no seguinte enderezo: Edificio de Xerencia - Servizos Centrais, campus Universitario, s/n 36310 Vigo (Pontevedra), de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.